| - contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- O global e o local. A investigación en ciencias sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- Implicación na defensa e protección do ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Habitamos un planeta de cidades. Crecemento demográfico e mobilidade da poboación | 21 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Grao 3 | PE | 45 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Grao 3 | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Grao 3 | | |
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Grao 3 | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Grao 3 | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Grao 3 | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Grao 3 | TI | 55 |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Grao 3 | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Grao 4 | | |
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Grao 3 | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Grao 3 | | |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Grao 2 | | |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Grao 4 | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Grao 4 | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Grao 2 | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Grao 3 | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Nobles, burgueses e xentes do común nas aldeas, vilas e cidades modernas (sec. XVIII) | 24 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Grao 3 | PE | 40 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Grao 3 | | |
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Grao 3 | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Grao 3 | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Grao 3 | | |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Grao 2 | TI | 60 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Grao 2 | | |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía. | Grao 3 | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Grao 2 | | |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Grao 2 | | |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Grao 4 | | |
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Grao 3 | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Grao 3 | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Grao 2 | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Grao 2 | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- O global e o local. A investigación en ciencias sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Implicación na defensa e protección do ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Pescudar, reflexionar e comunicar son os tres alicerces fundamentais desta proposta didáctica para a aprendizaxe dos contidos curriculares de Xeografía e Historia establecidos no Decreto 156/2022. Pretendemos que o alumnado resolva conflitos cognitivos ("problemas) traballando as secuencias didácticas propostas que presentan unha considerable interdisciplinaridade para favorecer o coñecemento integral da complexa realidade do mundo actual.
Este proceso de aprendizaxe activa do alumnado conduce á elaboración de produtos finais nos que organizan e comunican os coñecementos acadados sobre a realidade económica, política, social e ambiental global e dos territorios que habitamos e xestionamos.
O obxectivo é favorecer a aplicación polo alumnado dos procesos intelectuais baseados na secuencia de investigación e análise, reflexión e crítica, elaboración dunha síntese e conclusións. Esto implica facer, actuar, experimentar, expresarse e comunicar, interactuando, traballando e aprendendo individualmente, en pequeno grupo e no contexto do grupo/aula de referencia. O que favorece o desenvolvemento das competencias básicas establecidas para a ESO.
Este sistema de traballo permite que o alumnado progrese na construción do seu coñecemento a diferentes ritmos e

niveis de profundidade, favorecidos pola axuda e apoio das persoas que constitúen o equipo de traballo. Por iso elaboramos tarefas de reforzo na primeira unidade (a organización política) para o alumnado que o necesite (apartado Guías- Táboas de contido e reforzo).
O alumnado traballará individualmente ou en pequenos grupos, de tres ou catro persoas, expondo os resultados das súas producións ao grupo-aula. Manterán esa organización estable cando menos durante o desenvolvemento dunha secuencia didáctica.
A composición de cada grupo será heteroxénea a nivel competencial, de identidade de xénero e de capacidades para a aprendizaxe autónoma co obxectivo de favorecer a colaboración entre iguais. A composición dos grupos manterase durante un trimestre ou todo o curso cando observemos que esa estabilidade favorece a mellora da súa capacidade de organización, traballo, cooperación e produccións finais. Modificaremos a composición dos grupos nas seguintes situacións:
1ª. Cando a incorporación dunha persoa nova reforce a aprendizaxe das que xa integran o grupo ou favoreza que aquela acade máis coñecemento e o transfira, despois, ao seu equipo orixinal.
2ª. Ao observar que se producen actitudes disruptivas, de abandono da materia ou de gorroneo de xeito que unha persoa se beneficia do traballo das outras que integran un equipo e non achega a súa colaboración ao mesmo.
3º. Cando observemos que as persoas integrantes dun grupo non reparten equitativamente o traballo e os roles rotatorios de coordinación, secretaría e axudantía, porque ese é o alicerce das aprendizaxes colaborativas e cooperativas coas que comproban que o resultado final é superior ao que terían acadado individualmente. Por iso establememos unhas funcións básicas para:
- A persoa coordinadora do G.T. que regulará os debates internos do grupo e o traballo en cada sesión, consensuará a toma de decisións para planificar e desenvolver o traballo e actuará como voceira da súa equipa.
- A persoa secretaria que levará un rexistro do traballo realizado en cada sesión (dispoñen dunha ficha en formato pdf e dun documento editable no apartado Materiais), dos resultados acadados e das propostas e valoracións para mellorar que fagan as persoas integrantes da equipa.
- A persoa axudante será a encargada de custodiar os materiais e producións do grupo de traballo.
Asumimos que as diferencias competenciais e nos ritmos de aprendizaxe entre as persoas integrantes dun grupo ralentizan o traballo e afectan negativamente a calidade das producións finais. Mais tamén obrigan a reforzar a colaboración e axuda mútua entre iguais, favorecen a xestión da relativa frustración e desenvolven a resiliencia. Dese xeito, interiorizan os valores de cooperación e solidaridade que alicerzan a convivencia das persoas nas sociedades inclusivas e democráticas. No contexto que nos ocupa, nunha comunidade educativa con obxectivos comúns que aprende máis e mellor con metodoloxías activas e colaborativas.
Os proxectos ou secuencias de aprendizaxe propostos ao alumnado teñen unha estrutura semellantee para favorecer a motivación emotiva e cognitiva:
1ª. Presentación e contextualización da secuencia didáctica na que o alumnado reflexionará sobre os coñecementos que xa posúe sobre contidos curriculares concretos.
2ª. Procura de información sobre eses contidos utilizando os materiais didácticos seleccionados e dispoñibles para o alumnado no curso virtual da materia (táboas de datos, gráficas, mapas, información escrita en diferentes soportes, audiovisuais). Análise sistemática e síntese desa información.
3º. Reflexión sobre os contidos analizados. Esta interiorización produce unha aprendizaxe activa na cal o alumnado reordena esa información dende unha perspectiva reflexiva e crítica e elabora produtos finais propios para comunicar os resultados dese proceso de aprendizaxe.
4º. Socialización e retroalimentación do proceso comunicando os resultados ao grupo aula nunha interacción dinámica entre o alumnado e a persoa docente que planifica a secuencia e supervisa o desenvolvemento da dinámica de grupo para avaliala e mellorala.
O alumnado disporá de guías e modelos teóricos, fichas de seguimento de traballo, materiais de reforzo e apoio, e rúbricas de avaliación nas diferentes fases de cada secuencia didáctica.
A elaboración de textos expositivos ou argumentativos, utilizando a información de imaxes (fotos, gráficas, mapas), dicionarios ou glosarios e textos escritos en diferente formato, para respostar a cuestións concretas adoita ser a produción que presenta máis dificultades e menor calidade en 3º de ESO. Sirven, porén, como instrumento para comprobar a calidade das aprendizaxes do alumnado aplicando estas técnicas de traballo activo e colaborativo.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ordenadores portátiles e materiais didácticos de Edixgal |

| |
|---|
| Curso virtual da materia na aula virtual do IES Campo de San Alberto:https://www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto/aulavirtual/course/view.php?id=510 |
| Repositorio de recursos e propostas didácticas elaborado polo profesor José Fernández Maneiro: https://viaxeaitaca.net/Escritorios/Escritorio3ESO/index.php |
| Escritorio Virtual do profesor (enlace ao mesmo desde a Aula Virtual do centro) |
| Recursos bibliográficos e audiovisuais na Biblioteca do IES Campo de San Alberto |

Cada alumna e alumno disporá dun ordenador portátil facilitado polo centro dentro do programa Edixgal. Con este equipo accederá aos contidos educativos deste programa e traballará nas sesións presenciais cos materiais e recursos didácticos elaborados polo profesorado do Dto. de Xeografía e Historia do IES CSA que está dispoñibles no curso virtual para 3º de ESO na aula virtual do noso centro educativo. Fundamentalmente cos contidos curriculares, propostas e actividades interactivas e de autoavaliaciónque que ofrece o sitio virtual Viaxe  Itaca a través do escritorio virtual para este nivel educativo.
Alén destes recursos de uso regular nas sesións de traballo, o alumnado contará coa orientación da persoa docente para utilizar a biblioteca do centro e outros recursos audiovisuais en función das demandas de coñecemento e intereses específicos que formulen a nivel individual.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado respostará individualmente nunha sesión da 1ª semana de curso as cuestións propostas nun cuestionario. Esta produción e a posterior posta en común no grupo-aula permitiranos valorar as capacidades das persoas que integran cada grupo de traballo no que atinxe a:
- Actitude persoal para o traballo en grupo con respecto ás normas de convivencia do centro.
- Aptitude para o traballo na aula con autonomía e responsabilidade.
- Comprensión lectora.
- Análise e síntese de información escrita e gráfica.
- Comunicación e expresión oral e escrita.
- Coñecementos específicos sobre os contidos curriculares de Xeografía e Historia.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **15** | **15** | **15** | **20** | **20** | **100** |
| **Proba escrita** | 25 | 25 | 38 | 15 | 45 | 40 | **32** |
| **Táboa de indicadores** | 75 | 75 | 62 | 85 | 55 | 60 | **68** |

**Criterios de cualificación:**

1.  O desempeño nas sesións presenciais sumará ata un 30% da cualificación en cada avaliación. O procedemento de avaliación será o rexistro na libreta de aula da observación realizada pola persoa docente durante as sesións de traballo dos seguintes items concretos:
1.1. Uso correcto do material didáctico individual e do grupo: ata 10%.
1.2. Participación proactiva con intervencións acaídas sobre os temas tratados nese momento na sesión: ata 10%.
1.3. Traballo persoal realizado no caderno ou entregado no cartafol indicado pola persoa docente na aula virtual correspondente: ata 10% en función da realización completa e correcta, con claridade e orde, das tarefas propostas.
2. As actividades interactivas realizadas na aplicación informática Viaxe a Itaca como complemento e reforzo do

traballo nas sesións presenciais sumarán ata un 10% da cualificación total en cada avaliación.
3. As producións elaboradas individualmente ou en pequeno grupo (mapas conceptuais, presentacións dixitais, informes, comentarios de imaxes e textos) e entregadas nos prazos establecidos sumarán ata un 20% da cualificación de cada avaliación.
4. As probas obxectivas realizadas individualmente polo alumnado sumarán ata un 40% da cualificación en cada avaliación. Consistirán na resposta a unhas cuestións propostas, dispondo dos mapas conceptuais que elaborasen previamente e de materiais de apoio (imaxes, gráficas, textos, etc) que deben analizar para extraer a información coa que fundamentar as súas argumentacións. Estes textos expositivos e argumentativos producidos polo alumnado permitirannos valorar o seu progreso competencial e no coñecemento dos contidos curriculares da materia.
Aplicaremos a seguinte gradación en 4 niveis para establecer o grao mínimo de consecución:
Grao 1: Insuficiente por ser inferior ao 45%. Reflicte que a alumna ou alumno non traballa o necesario, presenta dificultades na aprendizaxe ou non aplica os procesos intelectuais (análise, ordenación e enumeración, xerarquización e comparación, interpretación e comprensión, recoñecemento e expresión, debate e discusión) na aplicación de coñecementos en actividades prácticas (individuais e colectivas, documentais, gráficas e cartográficas ou numéricas) referidas no estándar e, xa que logo, non acada o grao mínimo esixible de consecución para o devandito estándar de aprendizaxe.
Grao 2: Suficiente, aínda que mellorable pois devala entre o 46% e o 60% cando a alumna/o traballa con boa actitude, aínda que con algunha dificultade na aprendizaxe, aplica con algún erro os procesos intelectuais (análise, ordenación e enumeración, xerarquización e comparación, interpretación e comprensión, recoñecemento e expresión, debate e discusión) na aplicación de coñecementos en actividades prácticas (individuais e colectivas, documentais, gráficas e cartográficas ou numéricas) referidas no estándar e, xa que logo, acada o grao mínimo esixible de consecución para o devandito estándar de aprendizaxe.
Grao 3: Notable (61% - 85%). Indica que a alumna/o traballa con boa actitude, sen dificultades na aprendizaxe, sen erros significativos nos procesos intelectuais (análise, ordenación e enumeración, xerarquización e comparación, interpretación e comprensión, recoñecemento e expresión, debate e discusión) e na aplicación de coñecementos en actividades prácticas (individuais e colectivas, documentais, gráficas e cartográficas ou numéricas) referidas no estándar e, xa que logo, acada un bo grao esixible de consecución para o devandito estándar de aprendizaxe.
Grao 4: Excelente (86% a 100%) cando a alumna/o traballa con moi boa actitude, demostra facilidade para a aprendizaxe, desenvolve exitosamente os procedementos de traballo intelectual (análise, ordenación e enumeración, xerarquización e comparación, interpretación e comprensión, recoñecemento e expresión, debate e discusión.) e na aplicación de coñecementos en actividades prácticas (individuais e colectivas, documentais, gráficas e cartográficas ou numéricas) referidas no estándar e, xa que logo, acada un excelente grao esixible de consecución para o devandito estándar de aprendizaxe.

**Criterios de recuperación:**

As alumnas e alumnos terán unha cualificación positiva (5 ou superior) nos boletíns informativos de cada avaliación cando o resultado da suma das súas producións, debidamente ponderadas coas porcentaxes expresadas arriba, sexa superior a 4,5. En caso contrario, nos ditos boletíns figurará unha cualificación de 4 ou inferior a este número que a persoa afectada deberá recuperar realizando as producións escritas que se lle indiquen e que serán, sempre, do mesmo tipo que as descritas arriba, dentro dos prazos acordados coa persoa docente.
O alumnado que acade unha cualificación de 3 ou 4 na 1ª avaliación poderá agardar ata a segunda e si nesta merece unha cualificación superior a 6 e resulta unha media superior a 4,5 considerarase que recuperou a 1ª avaliación. En caso contrario deberá realizar as probas establecidas para esa 1ª avaliación.
Procederemos do mesmo xeito coa 2ª avaliación respecto da terceira só nos casos de alumnado que tivera superado a 1ª avaliación.
O alumnado recibirá unha cualificación positiva na avaliación ordinaria cando a media aritmética das cualificacións exactas das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sobre 10. Para realizar esa operación tomarase como referencia a cualificación final de cada avaliación despois de realizadas as probas de recuperación daquelas avaliacións nas que a cualificación fose inferior a 4,5.
O alumnado cuxa cualificación na avaliación ordiaria fose inferior a 4,5 realizará un texto expositivo na convocatoria extraordinaria. Será avaliado ata o 60% da cualificación nesta convocatoria. O alumnado nesta situación deberá entregar, previamente, as producións que non realizase nos prazos establecidos durante a terceira avaliación e estas deberán presentar a calidade mínima requerida pois suporá ata o 40% desa cualificación extraordinaria. Serán cualificados negativamente (4 ou menos) aquelas alumnas e alumnos que non presentasen ambas as dúas producións e estas non teñan a calidade mínima requerida.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A persoa con atribución docente na materia encargarase da aplicación do plan de seguimento e reforzo para o alumnado que teña esa materia pendente, coordinado coa persoa que desempeñe a xefatura do departamento didáctico de Xeografía e Historia. A tal efecto:
1º. Establecerase un calendario de reunións entre esa persoa docente e o alumnado con materias pendentes para efectuar o seguimento do plan de traballo de recuperación, con asistencia da persoa coordinadora do Dto. que actuará como secretario levantando acta dos acordos acadados polas partes. Despois entregará unha copia desa acta, debidamente asinada, a/ao alumna/o interesada/o para facilitar o seguimento do seu traballo polas persoas adultas responsables dela.
2º. Realizaranse reunións mensuais entre a persoa docente encargada da materia e da implementación do plan de seguimento e reforzo para:
- Atender as dúbidas sobre os contidos da materia e para a realización das producións requeridas.
- Recepcionar as producións requeridas a/ao alumna/o coa materia pendente.
- Devolver esas producións ou cadernos de tarefas, debidamente correxidos de xeito que poda utilizalos como material didáctico na preparación das probas escritas que deba realizar.
O alumnado de 3º curso de ESO que teña pendente a materia de Xeografía e Historia de 1º e/ou 2º curso de ESO entregará as tarefas requeridas e realizará dúas probas escritas entre os meses de xaneiro e maio. Ditas probas puntuaranse de 1 a 10 puntos e farán media aritmética. Ademais, deberán ter entregado o traballo de recuperación previamente fornecido pola persoa coa atribución docente na materia. En caso de non entregar esta produción e non acadar un mínimo de 4,5 na media aritmética das dúas probas escritas non recibirá unha cualificación positiva na materia pendente. A cualificación final resultará da suma desa media final das dúas probas escritas, que suporán ata o 60% sempre que superen o 3,5 sobre 10, e do traballo entregado que sumará ata un 40%.
Acordarase co alumnado afectado a data de realización das probas escritas procurando que non interferiran co desenvolvemento das súas actividades no curso de referencia. Considerarase superada a materia cando se acade unha puntuación igual ou superior a 4,5 puntos. En caso contrario, realizará unha proba escrita extraordinaria respondendo a cuestións dos contidos curriculares da materia e, ademais, deberá entregar o traballo requerido posto que esto é requisito para superar a materia pendente.
A avaliación de materias pendentes non será progresiva. O alumnado deberá acadar unha cualificación positiva na de cada nivel. É decir, superar a materia de Xeografía e Historia de 3º curso de ESO non implica aprobar a materia pendente do curso anterior e o mesmo acontece coa de 4º respecto da de 3º.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado, establece que o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades específicas de cada alumna ou alumno para tratar de superar as dificultades de aprendizaxe que se lle detectaran. O dito plan específico personalizado incluírá, cando menos, os seguintes apartados:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.
Como persoal docente con atribución nesta materia de Xeografía e Historia, aplicaremos as medidas de atención á diversidade a un doble nivel:
1ª. Seleccionando ou deseñando materiais específicos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe co obxectivo de motivalo e facilitar a súa aprendizaxe ao ritmo individual que poda facelo.
2ª. Ofrecer tarefas de ampliación e afondamento en temas concretos para o alumnado con altas capacidades. De ser necesario, deseñaremos un plan específico que inclúa lecturas e visionado de audiovisuais dispoñibles na biblioteca do centro ou no propio departamento didáctico. A complexidade destas actividades estará en función das capacidades e demandas do alumnado destinatario das mesmas co obxectivo de manter o seu interese polos contidos da materia.
Aplicaremos as medidas ordinarias de atención á diversidade establecidas na normativa vixente, nomeadamente as

instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. Esta salienta que se deseñará unha avaliación inicial, en coordinación co profesorado titor e co departamento de Orientación, que facilite a detección das necesidades específicas do alumnado. Aplicaremos as seguintes medidas de atención á diversidade:
1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Deseñar e propor actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe. Esto abrangue, tamén, as tarefas de reforzo, consolidación e ampliación de coñecementos.
4. Ofrecer materiais e recursos didácticos diversificados e inclusivos, consonte co modelo DUA, que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Aprendizaxe activa e colaborativa a través dos proxectos propostos no escritorio virtual de Viaxe a Itaca para 3º curso de ESO.
6. Traballo colaborativo entre o alumnado.
7. Aplicación de procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.
8. Flexibilización da temporización para a realización e entrega de tarefas e probas escritas, atendendo ás necesidades específicas individuais.
9. Retroalimentación ao alumnado sobre a progresión no seu proceso de aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental | | X | X | X | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Comprensdión lectora, oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Obxectivos do desenvolvemento sotible | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación para a paz | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para o consumidor | | X | X | X | | |

**Observacións:**

Traballaremos nas sesións presenciais na aula os elementos transversais sinalados arriba cunha atención especial aos seguintes items competenciais:
- A comprensión lectora e a expresión oral e escrita. O alumnado lerá textos escritos en diferentes formatos, elaborará sínteses (mapas conceptuais, resumos), argumentacións críticas e reflexións partindo da análise de documentos gráficos (fotos, audiovisuais) ou textuais.
- A educación en valores cívicos e democráticos baseados na defensa da igualdade de dereitos e oportunidades, a inclusión social, a educación para a paz, o coidado do medio ambiente e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (Axenda 2030). Son contidos curriculares fundamentais na materia Xeografía e Historia de 3º curso de ESO.
- A comunicación audiovisual será un instrumento didáctico fundamental no traballo na aula en todas as unidades porque servirá de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.
- A comunicación verbal ou escrita traballarase transversalmente promovendo debates ordenados nos que o alumnado cumpra as normas de respecto e tolerancia coas opinións diferentes porque esta actitude proactiva e asertiva alicerza a asunción dos valores constitucionais e democráticos.
- O emprendemento é unha actitude importante e por iso valoremos positivamente que o alumnado formule propostas cunha actitude proactiva e asertiva para mellorar o traballo e o clima na aula.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Tema transversal do centro | Participar na segunda fase do proxecto de tema transversal do centro Outro futuro é posible? | X | X | |
| Saídas didácticas pola contorna: Concello, confraría de pescadores de Noia, CC. de MM. de Baroña | Visitas de estudo para analizar in situ o funcionamento desas institucións e empresas de economía social | | X | X |

**Observacións:**

Participaremos co alumnado desta materia nas actividades complementarias e extraescolares deseñadas polo departamento ou propostas polo centro cuxos contidos e obxectivos teñan relación directa co currículo da mesma desenvolvido nesta programación didáctica. Nomeadamente, aquelas que fomenten o traballo interdisciplinar, as metodoloxías de aprendixaxe activas e as saídas didácticas á contorna para utilizala como recurso didáctico. Por iso deseñaremos saídas á institucións políticas da bisbarra (un Concello), empresas privadas e de economía social (unha comunidade de montes como a de Baroña), e á Confraría de pescadores de Noia para coñecer o seu funcionamento e a xestión da actividade marisqueira que é un importante recurso económico para a poboación noiesa.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Demostra competencias didácticas |
| É ordenado nas explicacións Explica con claridade |
| Valoración xeral da materia. |
| Os obxectivos didácticos están ben formulados. |

| |
|---|
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros. |
| A selección e temporalización dos contidos e actividades foron adecuados |
| A temporalización foi adecuada. |
| Metodoloxía empregada |
| Planifica leccións, ensina e avalía |
| Emprega variedade de recursos |
| Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros |
| Realizouse a avaliación inicial |
| Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Avalía e xulga en función dos criterios da programación e crea ambiente de aprendizaxe |
| É innovador/a |
| Revisa a realización das tarefas propostas |
| Cumpriu co horario de clase |
| Medidas de atención á diversidade |
| Valora o esforzo |
| Os contidos e actividades relacionáronse co interese do alumnado e as actividades foron variadas e motivadoras. |
| Os criterios de cualificación foron axustados. |
| Clima de traballo na aula |
| Motiva ao alumnado |
| Ofrece oportunidades de recuperación |
| Resolve dúbidas |
| Sabe dirixir a clases |

**Descrición:**

A [auto] avaliación da práctica docente como parte do proceso de ensino e aprendizaxe é un recurso fundamental para a mellora da calidade desas aprendizaxes, das programacións didácticas e do traballo dos grupos na aula.
Avaliaremos a práctica docente con varios instrumentos:
1º. Enquisas cunha escala de valoración sobre os indicadores de logro que encherá o alumnado, individualmente e dun xeito anónimo.
2º. Listas de cotexto sobre eses mesmo indicadores que utilizará a persoa coa atribución docente para reflexionar dun xeito sistemático sobre a súa práctica e os mecanismos e instrumentos para mellorala. Utilizaremos un cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 5 sobre tres bloques centrais:
a) A cerna da propia programación: obxectivos, contidos e temporalización e criterios de avaliación.
b) O desenvolvemento desa programación na aula: acertada temporización dos contidos, realización das actividades

complementarias, funcionamento dos recursos utilizados.
c) A avaliación: relevancia dos datos fornecidos pola avaliación inicial, idoneidade dos instrumentos e procedementos de avaliación utilizados, reflexión sobre os criterios de cualificación aplicados.
A conclusión do análise dos resultados e posterior contexo da percepción do alumnado coa reflexión da persoa docente permitirá reformular esta programación didáctica e a metodoloxía aplicada co obxectivo de mellorala para o curso vindeiro.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A persoa docente con atribución na materia e a persoa coordinadora do Dto. didáctico de Xeografía e Historia revisarán con regularidade o cumprimento da temporalización desta P.D., a aplicación da metodoloxía didáctica e dos criterios establecidos para a avaliación do alumnado e rexistrará as propostas para mellorar este deseño didáctico.
O dito seguimento realizarase mensualmente para as unidades didácticas traballadas na aula e trimestralmente despois de cada avaliación. Os resultados desa reflexión recolleranse como proposta de mellora desta P.D., prestando unha atención especial ás dificultades detectadas na implementación deste deseño didáctico cos grupos-aula de 3º de ESO.
A avaliación dos resultados deste proceso de ensino e aprendizaxe farase mediante os instrumentos que permitan a coavaliación polo alumnado e pola persoa con atribución docente na material.
Na memoria final do curso recolleránse os resultados dese proceso de coavaliación e, sobre todo, as propostas de mellora desta P.D. para o curso vindeiro.

## 9. Outros apartados

### 1. Non se presentan nesta P.D.

Non se presentan nesta programación didáctica.